

Norma reguladora:

Resolución do 15 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos proxectos de cooperación empresarial para o fomento da empresa dixital no ámbito do Plan Avanza na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo PR519A).

Data de resolución:

Con data 9 de setembro de 2010 a secretaria xeral ditou resolución de concesión ao abeiro da Resolución do 15 de abril de 2010, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación tecnolóxica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos proxectos de cooperación empresarial para o fomento da empresa dixital no ámbito do Plan Avanza na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria (procedemento administrativo PR519A).

Data de publicación no DOG:

PUBLICADO o día 07 de Outubro de 2010 no DOG: Anuncio do 30 de setembro de 2010, da Subdirección Xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información, polo que se publica a relación das subvencións concedidas ao abeiro da Resolución do 15 de abril de 2010 referente aos proxectos de cooperación empresarial para o fomento da empresa dixital no ámbito do Plan Avanza, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), procedemento administrativo PR519A.

Órgano concedente:

SECRETARÍA XERAL DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Crédito Orzamentario:

3.245.532,75 €

Cuantía subvencionable:

71.615,00 €

Cofinanciamento:

Con carácter xeral ao estar financiados os proxectos por fondos FEDER, e para dar cumprimento ao Regulamento (CE) 1828/2006 (DOUE 15-2-2007) da Comisión, de 8 de decembro de 2006 que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, infórmase que no financiamento da axuda concedida participa a Unión Europea, a través do Fondo de Desenvolvemento Rexional, cunha porcentaxe do 80%, polo que os beneficiarios queda suxeito ás obrigas establecidas nas citadas normas en materia de información e publicidade, de acordo co disposto no artigo 16 i) das bases reguladoras da convocatoria.

Finalidade:

Creouse unha aplicación con tecnoloxía Web que aglutina de xeito interoperábel (permitindo o intercambio doado de metadatos e contidos) as webs das diferentes editoras da Asociación e que lles facilite a comercialización dos seu libros, tanto a particulares como a institucións (Bibliotecas, Centros Educativos, Xunta de Galicia).

En resumo, os requisitos básicos que cumpre o noso sistema son:

- Facilitade de uso e acceso á plataforma, baseado nun deseño amigable e intuitivo que permite o acceso de forma clara e eficiente, tanto a usuarios, libbreiros e editores a todas as funcionalidades e servizos.
- Xestión de contidos dixitais: A plataforma dispón dun repositorio de contidos, permitindo a inxesta, catalogación, clasificación e integración con sistemas existentes noutras editoriais en caso necesario.
- A ferramenta ten un potente sistema de identificación de usuarios e perfís, permitindo definir múltiples niveis de acceso e administración.



- Integra servizos de rede social co obxectivo de potenciar a interrelación entre todos os axentes e potenciar as vendas incluíndo Blogs, Foros, mensaxería, Chat, enquisas, vídeos e fotografías.
- Incorpora unha plataforma de servizos para autores/as e creadores/as, orientados á xeración de libros baixo demanda e tamén servindo de espazo de comunicación entre editoriais e creadores.